

Con *Non hai noite tan longa*, Agustín Fernández Paz achégase ás estreimas. Un seu xeito de narrar — ben característico, por certo — amosa aquí acabado compendio, pois non poucos dos sinais de identidade da súa escrita recente alcanzan agora máximo relevo.

O papel capital da memoria, as mancaduras que as sombras do pasado abren na pel avellentada dos que viviron tempos de ignominia teñen nesta novela cumprida voz nunha historia de historias, un lenzo de palabras que se configura como viaxe odiseica, baixada aos infernos e absurdo procesual. O que aquí lentorece na traxedia é o sangue dos espectros shakespearianos, o urro témero do príncipe dinamarqués.


A traición, o engano e, sobre todo, a culpa, son os poderosos sentimentos que moven os fíos argumentais deste drama de final catártico: un mozo galego, emigrado a París hai trinta anos cando seu pai foi encarcerado, regresa para enterrar a súa nai; de volta á casa matricial, o fantasma de seu pai aparéceselle e demándalle atención, polo que, logo dunha delicada investigación dos feitos que levaron a aquel ao presidio e posterior falecemento, acaba por desvelar que fora inxustamente acusado dun delito nefando que non cometera.

O mellor da prosa de Fernández Paz reside no dominio estrutural, no acaído da progresión narrativa e, tamén si, na mestría na caracterización de ambientes e personaxes,

Tempos de ignominia

Fonda, intensa, reveladora

ARMANDO REQUEIXO



ven na ferida dos remorsos covardes dalgúns dos personaxes do presente.

Logo, que Fernández Paz por veces abraza solucións de didactismo discutible na súa necesidade ou que algúns dos personaxes se fagan un tanto increíbles pola súa capacidade lectora a idades ben temperadas son extremos que talvez teñan que ver cunha proxección autorial abondo marcada. Agora ben, que se detecten na novela certas inconsistencias cronolóxicas e algúns trasacordos referenciais non son senón probas evidentes

O mellor desta prosa reside no dominio estrutural

do desacerto das tres persoas que revisaron os sucesivos borradores da obra co fin de evitalos, persoas ás que agradece a súa axuda nun capítulo final o autor.

Fonda, intensa e reveladora, *Non hai noite tan longa* é unha aldrabada ás conciencias, un espazo creativo para a indagación moral, no que a memoria macelada dos devanceiros espectraliza e clama pola xustiza —e por que non se esqueza— dende o peitoril do ultramundo.

FERNÁNDEZ PAZ, Agustín, *Non hai noite tan longa*, Ed. Xerais, Vigo, 2011, PVP17,50 €

que
con-
seguen crear un
admirable retrato
da Galicia vilega de finais dos 60 e primeiros 70 nese territorio metonímico de Montevideo, a Vilalba do autor literaturizada, particular Comala onde os ventos dunha inxustiza poeirenta de outrora revi-